



... Ordenanzas y Reglamentos

Nueva Búsqueda

Pontedeume - ORDENANZA FISCAL Nº 9, REGULADORA DA TAXA POLO MANTENIMENTO DA REDE DE SANEAMENTO (REDE DE SUMIDOIROS) E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

Publicación provisional : 27-12-2006 BOP Nº 295 -- Publicación definitiva : 27-12-2006 BOP Nº 295
Redacción Aplicable desde 01-01-2015

Redacciones

- ARTIGO 1º.-
FUNDAMENTO E NATUREZA.
- ARTIGO 2º.- FEITO
IMPOÑIBLE.
- ARTIGO 3º.- SUXEITO
PASIVO.
- ARTIGO 4º.-
RESPONSABLES.
- ARTIGO 5º.- COTA
TRIBUTARIA.
- ARTIGO 6º.- OBRIGA DE
CONTRIBUIR.
- ARTIGO 7º.-
DECLARACIÓN, LIQUIDACIÓN E
INGRESO
- DISPOSICION FINAL

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española de 1.978 e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL, en adiante), e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de Marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRFL) este Concello establece a "Taxa polo mantemento da rede saneamento (rede de sumidoiros) e depuración de augas residuais", que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, as normas do cal atenden ó prevenido no artigo 58 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de Marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRFL).

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito impoñible da taxa :

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á rede de sumidoiros municipal.
- b) A prestación dos servizos de evacuación e excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede de sumidoiros municipal e o seu tratamento para depuralas.

2. Non estarán suxeitas á taxa as fincas derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo.

ARTIGO 3º.- SUXEITO PASIVO.

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria que sexan :

- a) Cando se trate da concesión de licencia de acometida á rede, o propietario, usufructuario ou titular do dominio útil da finca.
- b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do término municipal beneficiarias destes servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufructuarios ou arrendatarios, mesmo en precario.

2.- En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais o propietario destes inmobles, quen poderán trasladar, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios dos servizos.

ARTIGO 4º.- RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores de sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, ou nos supostos e co alcance que lle confire o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.- COTA TRIBUTARIA.

1. A cota tributaria correspondente ás labores técnicas e administrativas de comprobación tendentes á concesión da licencia ou autorización da acometida á rede de sumidoiros, esixirase por unha soa vez no momento de formularse a correspondente solicitude, e consistirá na cantidade fixa de 12,00 €.

2. A cota tributaria a esixir pola prestación de servizos da rede de sumidoiros, determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada no inmovible. Para tal efecto aplicaranse as seguintes tarifas, que serán incrementadas, de acordo coa lexislación vixente, co correspondente IVE:

TARIFAS DE SANEAMENTO

ABOADOS DOMÉSTICOS		ABOADOS INDUSTRIAIS	
Tipo	m3/trimestre €/m3	Tipo	m3/trimestre €/m3
Mínimos		Mínimos	
	36 0,146531	60	0,146531
Excesos		Excesos	
	Máis de 36 0,146531	Máis de 60	0,146531

3. A cota tributaria que se esixirá pola prestación dos servizos de depuración, determinarase, tamén, en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada no inmovible. Para tal efecto aplicaranse as seguintes tarifas, que serán incrementadas, de acordo coa lexislación vixente, co correspondente IVE:

TARIFAS DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

ABOADOS DOMÉSTICOS		ABOADOS INDUSTRIAIS	
Tipo	m3/trimestre €/m3	Tipo	m3/trimestre €/m3
Mínimos		Mínimos	
36	0,253861	60	0,265133
Excesos		Excesos	
Máis de 36	0,253861	Máis de 60	0,265133

ARTIGO 6º.- OBRIGA DE CONTRIBUIR.

1. Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito impoñible, entendéndose a mesma

a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenzia de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal. A percepción por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se teña obtido ou non a licenzia de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización. No caso da depuración de augas residuais, cando se inicie a efectiva prestación do servizo.

Tratándose de servizos xa autorizados e prorrogados, o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio e cese na prestación do servizo, caso no que o período impositivo axustarase a esa circunstancia co conseguinte prorrateo da cota por trimestres naturais.

2. Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais e a súa depuración teñen carácter obrigatorio para tódalas fincas do municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas en que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e percibirase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectual-a acometida á rede.

ARTIGO 7º.- DECLARACIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO

1. O suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade da finca e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións producirán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez finalizado o prazo de presentación destas declaracións de alta e baixa.

A inclusión inicial no censo farase de oficio unha vez concedida a licenzia de acometida á rede.

2. As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministro e consumo de auga.

3. No suposto de licenzia de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude e os servizos tributarios deste concello, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda, que será notificada para ingreso directo na forma e prazos que indica o Regulamento Xeral de Recadación.

DISPOSICION FINAL

Esta ordenanza fiscal, unha vez aprobada polo pleno do Concello de Pontedeume en sesión ordinaria do 30/10/2014, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 01/01/2015, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.